

Carta Financeira

As persoas con cargos electos, xerenciais e de libre designación comprométense a:

Renunciar aos agasallos e privilexios que se lles poidan ofrecer pola súa condición e que poidan significar un trato de favor.

Non duplicar cargos nas institucións, agás aqueles vinculados á súa condición de concelleira.

Para os cargos con dedicación exclusiva:

Establecer unha retribución máxima de 3 salarios mínimos interprofesionais netos en 14 pagas.

Para os cargos con dedicación parcial ata 25h semanais:

Establecer unha doazón mensual á Marea de Vigo de un mínimo de 200€.

Para os cargos electos sen dedicación exclusiva:

Establecer unha retribución máxima de 800€. Doando o seu excedente á Marea de Vigo.

Os cargos de libre designación cobrarán en función do traballo que desempeñen seguindo criterios de homologación cos grupos marcados na administración local (grupo A, Grupo B...), sen poder superar en ningún momento a retribución marcada para os cargos de dedicación exclusiva.

Transparencia

Seguindo os principios do noso código ético, publicaremos semestralmente na páxina web da Marea de Vigo as cantidades das nóminas e doazóns das nosas concelleiras electas. Estando estas a disposición do Plenario e da Asemblea para calquera rendición de contas pertinente.